

## Seminario de produción escrita (writing) para exames de acreditación de inglés B1 CertAcles - 2019-2020

### Información da convocatoria

|                        |                                                                                             |
|------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Tipo</b>            | SEMINARIO PARA EXAMES DE ACREDITACIÓN DE INGLÉS (CertAcles, Cambridge, etc.)                |
| <b>Código</b>          | V20.SE.IN.WR.B1                                                                             |
| <b>Nome</b>            | Seminario de produción escrita (writing) para exames de acreditación de inglés B1 CertAcles |
| <b>Curso académico</b> | 2019-2020                                                                                   |
| <b>Nivel</b>           | B1                                                                                          |
| <b>Modalidade</b>      | PRESENCIAL                                                                                  |
| <b>Horas</b>           | 10.00                                                                                       |

### Descrición

O obxectivo do curso é prepararse para a parte de produción escrita do exame de acreditación CertAcles. A finalidade do curso ven determinada polo nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas que se pretende acreditar, segundo o cal a meta será demostrar que a persoa candidata pode producir textos sinxelos e coherentes sobre temas que lle son familiares ou nos que ten un interese persoal. O curso consistirá en clases prácticas de expresión escrita que simularán o tipo de tarefas que atoparás no exame.

### Información sobre o calendario (datas)

|                             |                         |
|-----------------------------|-------------------------|
| <b>Período de matrícula</b> | 05/12/2019 - 29/03/2020 |
| <b>Período de docencia</b>  | 15/04/2020 - 06/05/2020 |

### Prazas e créditos

|                                       |    |
|---------------------------------------|----|
| <b>Número mínimo de participantes</b> | 12 |
| <b>Número máximo de participantes</b> | 15 |
| <b>Horas ECTS</b>                     | 10 |
| <b>Validación LE</b>                  | 0  |

### Destinatarios

Persoas maiores de 16 anos que queiran preparar a parte de produción escrita coa finalidade de presentarse ao exame de acreditación do nivel B1 CertAcles.

### Calendario

Mércores de 18.00 a 20.30 horas- **Aula a determinar**

#### Calendario:

Abril:15,22,29

Maio: 6

### Forma de pago

#### Tarifas

Comunidade Universitaria  
Público en xeral

60.00 €  
70.00 €

Este curso require un pagamento inicial dunha cota de preinscrición de 15.00 € que se descontará do importe total da matrícula.

#### Formas de pago

Tarxeta bancaria  
Transferencia bancaria  
Emisora X011668 Ingreso efectivo (Banco Santander)

#### Impartido en

---

Campus de Vigo - Facultade de Filoloxía e Tradución -

#### Cómo matricularse

---

Entra en <http://centrodelinguas.fundacionuvigo.es>

Alí encontrarás toda a oferta de cursos e as indicacións para realizar a túa matrícula. Aquí che indicamos un pequeno resumo:

1. Na pantalla de inicio:

- Se realizaches o teu rexistro en Bubela durante os anos 2012 e 2013, xa estás rexistrado no programa. No campo central "Recuperar contrasinal", introduce o teu DNI.
- No caso contrario, pulsa "Rexistrarse" e introduce os teus datos persoais.

**EN AMBOS CASOS RECIBIRÁS UN CORREO ELECTRÓNICO CO TEU CONTRASINAL.**

2. Facer a preinscrición online seguindo os pasos que se indican.

3. Pagar o importe do curso, para o que tes tres posibilidades:

a) Pago con tarxeta

b) Transferencia no **Banco Santander**:

**Número de conta: 0049 614198 2510007984**

**Código Swift: BSCHESMMXXX**

**IBAN: ES86 0049 6141 9825 1000 7984**

**Debes indicar o teu nome e o nome do curso no que te matriculas**

c) Ingreso en efectivo no **Banco Santander**:

**Neste caso debes indicar estes datos:**

**Emisora: X011668**

**Importe do curso**

**Nome do alumno e nome do curso no que te matriculas**

4. Todo o proceso de matrícula podes facelo a través do programa do centro de linguas.

5. A matrícula confírmase a través dunha mensaxe de correo electrónico.

#### Condicións de acceso

---

Para acceder ao curso non se esixirá acreditación do nivel previo nin se realizará proba de nivel. Cada persoa candidata accederá ao nivel ao que pretende presentarse a exame en convocatorias de acreditación. En ningún caso se modificará o nivel B1 impartido no curso nin os obxectivos do mesmo.

Para a devolución de matrícula séguense os seguintes criterios:

1. Só procederá a devolución do importe íntegro da matrícula, incluída a cota de preinscrición, cando, por causas non imputables aos usuarios, non se realice a actividade.
  2. No caso de que o alumno/a non supere a proba de nivel do curso para o que se matriculou, e non realice outro curso, non procederá a devolución da cota de preinscrición.
  3. Non obstante o declarado no punto anterior, o Centro pode devolver o importe en casos especiais que considere xustificados, sempre que se solicite por escrito ao Centro de Linguas, a lo menos **tres días antes da data de inicio dos cursos**. Cando se considere xustificada a devolución, o Centro reterá **15 euros** en concepto de gastos de xestión.
- 4.Considérase que procede a devolución nos casos seguintes, sempre que os mesmos se produzan coa antelación especificada no punto anterior e se xustifiquen debidamente:
- Cando se produza a sinatura dun contrato laboral que implique incompatibilidade horaria co curso matriculado, sempre que non resulte posible a adscrición a outro curso similar. Debe achegarse copia do contrato de traballo.
  - Por causa de accidente ou enfermidade que imposibilite seguir con regularidade o desenvolvemento do curso. Debe aportarse xustificante médico.
5. En ningún caso devolveráse o importe da matrícula unha vez iniciadas as clases.